

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE XANEIRO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de xaneiro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 10, 17 e 24 de novembro; 1, 9, 15, 22 e 29 de decembro e a extraordinaria e urxente do 10 de decembro de 2021.

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Illas Cies, número 20. (expte. 2021/Y001/000281); de parcelamento da parcela no núcleo rural tradicional de carballosa, parroquia de Santa María de Muxa, en tres parcelas resultantes: a parcela 1 con 620 m<sup>2</sup>, a parcela 2 con 678 m<sup>2</sup> e a parcela 3 con 626 m<sup>2</sup>. (expte. 2022/G004/000014); para reorganización das parcelas, sitas en San Lázaro, con 76.684 m<sup>2</sup>, con 486 m<sup>2</sup>, con 20.426 m<sup>2</sup>, e con 1.058 m<sup>2</sup>. (Expte. 2021/Y005/000013); para instalación de ascensor no edificio sito na ronda da Muralla, número 193, Unidade edificatoria 210201. (Expte. 2021/Y001/000175) e para instalación de ascensor no edificio de vivendas sito na rúa Andoriñas, número 10. (expte. 2022/G004/000015).

**2. PLANEAMENTO.-** Acórdase a aprobación da disolución da Xunta de Compensación da Unidade de Actuación Sur-2 do PXOU de 1990 (URPI-50 do PXOM vixente).

### **ÁRFEA DE GOBERNOD E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como da adxudicación por procedemento aberto na concesión demanial para o uso privativo de local no Vello Cárcere para a explotación dun servizo de cafetería-restaurante e

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac5691261096326655217.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-1-2022

a apertura do procedemento de adxudicación. Expte ref 2022-C005-000001.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da prestación de servizos de atención ao público, coordinación e desenvolvemento de actividades socioeducativas nos centros municipais Casas das Linguas, sitas en estrada da Granxa e no Centro de Convivencia María Balteira. Expte. ref. 2021/C003/000031.

**4. PERSOAL.-** Acórdase a prórroga das comisións de servizos nos postos de traballo: celador/a de deportes (52/46/1) e xefe/a de grupo de desenvolvemento local (67/30) de do Concello de Lugo.

Tamén se acorda o nomeamento de dous funcionarios de carreira na categoría de oficiais da policía local

Acórdase o nomeamento de nove funcionarios de carreira na categoría de oficiais da policía local.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**